El proyecto

Arte, Historia e Memoria Medieval do Camiño de Santiago Francés é un ciclo de conferencias organizado pola Asociación de Municipios del Camino de Santiago (AMCS) con financiamento do Plan Xacobeo. O seu obxectivo é difundir o valor histórico, artístico e cultural da peregrinación medieval a Compostela e dar a coñecer ao público o patrimonio, as historias, os espazos de acollida e as expresións artísticas que deron forma ao Camiño de Santiago. O ciclo conecta a investigación especializada co público, os peregrinos e os concellos do Camiño Galego Francés, reforzando a difusión da cultura xacobea e o horizonte do Xacobeo 2027.

Organiza

AMCS
Asociación de Municipios del Camino de Santiago

Colabora

Concello de Triacastela

Con el apoyo de

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027



Arte, historia y memoria medieval del Camino de Santiago Francés

CICLO DE CONFERENCIAS

O Camiño de Santiago: a reinvención dun mito medieval ao longo dos siglos

Manuel Gago Mariño

Facultade de Ciencias da Comunicación. Universidade de Santiago de Compostela. Director culturagalega.gal

Jueves, 12 de noviembre, 18.00 horas

Centro sociocultural Fonte do Lunar. Pza de la Diputación, 1. Triacastela

El ponente



Manuel Gago Mariño
é doutor en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela, onde é profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación. Dirixe culturagalega.gal, o portal de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e é responsable dos proxectos dixitais da institución. O seu blog Capítulo Cero (www.manuelgago.org/blog), un dos referentes da rede galega en divulgación histórica e cultural, premiado por diversos colectivos profesionais. Colabora coa Televisón de Galicia en diferentes formatos e mantén as columnas Vermello contra o mar (La Voz de Galicia) e Notas a rodapé (Táboa Redonda, El Progreso e Diario de Pontevedra). No eido arqueolóxico, promoveu e coordinou iniciativas de arqueoloxía pública en xacementos como Torre dos Mouros e o Castro de Mallou (Carnota), Croas de Niñóns (Ponteceso) ou As Croas de Cerqueda (Malpica). É fundador de patrimoniogalego.net, a rede social do patrimonio cultural de Galicia, e membro de romanarmy.eu, colectivo de investigación sobre o exército romano no NW peninsular.

Como comisario, foi responsable das exposicións Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura (2016-17), Alba de Gloria de Castelao. Unha experiencia (2018) e Galicia, un relato no mundo (Museo Gaiás, 2019), a primeira das grandes mostras do Xacobeo 21. Entre 2022 e 2024 comisariou Cidades no tempo, sete exposicións sobre a identidade urbana de Galicia presentadas en Santiago, Ferrol, Lugo, A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra.

Como autor, publicou os ensaios Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI (con Xurxo Ayán, 2012) e Ata que os mares sequen. Unha Escocia en clave galega (2026); Vento e chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia (2013); as novelas O Anxo Negro (2016), O exército de fume (2018) e Nus (2021), e a autoficción O sangue das pantasmas (2020). O seu documental As pedras de San Lourenzo obtivo o premio ao Mellor Documental no Festival de Cine Arqueolóxico de Castilla y León (2017).



Sobre la conferencia

O Camiño de Santiago: a reinvención dun mito medieval ao longo dos séculos

Cando hoxe escoitamos falar do Camiño de Santiago e da peregrinación tendemos a consideralo de xeito estático a partir do que coñecemos no presente, como se fose unha realidade inmutable desde a Idade Media ata hoxe. Pero unha ollada detida ás imaxes e ás narrativas propiciadas polos diferentes poderes e axentes vinculados á catedral e á peregrinación revélannos que o relato xacobeo foi transformándose ao longo da súa dilatada historia de mil anos, interaccionando cos cambios históricos das sociedades e matizando e evolucionando como símbolo. Nesta conferencia viaxaremos a través de mil anos de comunicación do relato de Santiago, percorrendo os apoxeos, as decadencias e as reinvencións dun dos grandes motivos culturais europeos.

Jueves, 12 de noviembre, 18.00 horas
Centro sociocultural Fonte do Lunar
Pza de la Diputación, 1. Triacastela